

FANNY MEDIOAMBIENTE

CATÁLOGO
OBRADOIROS

Fanny Medioambiente
626195552
fannygcmedioambiente@gmail.com

XOGANDO A RECICLAR

Fanny Medioambiente

Intérpretes: Fanny Medioambiente e MeRe Clown

Estilo: Obradoiro teatralizado de reciclaxe


Duración: 45 minutos

Tipo de público: infantil e familiar

Tipo de espazo: interior e exterior



- Reciclaxe, humor, medio ambiente, espectáculo, lixo, participación do público...
- Neste obradoiro teatralizado, en chave de clown, clasificaremos todos estes xéneros no seu correspondente contedor para obter unha forma diferente, e sobre todo divertida, de aprender a importancia da reciclaxe.
- Pasamos a vida xerando lixo, practicamente todo vai envolto ou nalgún “paquete”, por iso é importante saber onde vai cada cousa. E a mellor maneira de aprender é XOGANDO E RINDO!
- Unha experta en reciclaxe terá que ensinalle ó seu novo, e torpe, axudante tódolos segredos da separación de lixo e para iso contará coa axuda do público.



Fanny Medioambiente é Estefanía García, licenciada en bioloxía e técnica superior en educación e control medioambiental, e busca a través dos seus obradoiros concienciar sobre a importancia de respectar a natureza dunha forma amena e diferente.

DESCUBRINDO O MUNDO COA MICROBIOLOXÍA


Fanny Medioambiente

Estilo: Obradoiro

Duración: 60 minutos

Tipo de público: 5 a 14 anos

Tipo de espazo: interior



- Que hai nun charco? Por que as plantas son verdes? Por que a algúns o pole ou o pelo dos animais nos da alerxia? Que é unha célula e por que as temos todos os seres vivos?
- Todas estas preguntas e moitas máis pódense contestar con 4 cousas: un microscopio, un pouco de auga, un anaco de cristal e moita, moita curiosidade.
- Un obradoiro dirixido a todos eses peques ós que lles interesa todo o que lles rodea, incluso aquilo que non poden ver, pero que a súa gran mente científica lles di que está aí, adaptado para que o poidan entender dunha forma sinxela e divertida, e poidan dar os seus primeiros pasos no interesante mundo da microbioloxía.

Fanny Medioambiente é Estefanía García, licenciada en bioloxía e técnica superior en educación e control medioambiental, e busca a través dos seus obradoiros concienciar sobre a importancia de respectar a natureza dunha forma amena e diferente.